

**PREGUNTA DE AER SOBRE CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE EVENTOS NA WEB PÚBLICA DO CONCELLO. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-3).**

PLENO 06 NOVIEMBRE DE 2017. ACTA 09/2017

*A páxina web do Concello de Redondela publica habitualmente todo tipo de actividades organizadas pola propia administración local para darlle a visibilidade que este medio de comunicación ofrece entre os internautas. De xeito periódico, tamén publicitan actividades e eventos doutras administracións, eventos de asociacións sen ánimo de lucro e nalgúns casos ata espectáculos privados. Tendo constancia feaciente da existencia de eventos consolidados na escena cultural de Redondela que non se divulgaron a través da web municipal. Deixando claro dende AER que nos parece oportuno que na web municipal se publiciten obviamente os eventos organizados polo Concello de Redondela, os eventos onde colabora ou subvencione o propio Concello de Redondela, mesmo os eventos de carácter público e aberto de entidades sen ánimo de lucro, preguntamos:*

***Cales son os criterios establecidos polo goberno local á hora de determinar que eventos ou actividades se divulgan a través da web municipal de Redondela e cales non?"***

*O sr. Mougán Vázquez resposta que o criterio resposta a capacidade da propia web e a diversidade da programación que fai necesario optimizar espazo para garantir a maior información posible a través da mesma xunto coa necesidade de anunciar ás administracións patrocinadoras.*